



Concello de Baralla

DECRETO DA ALCALDÍA .-

De conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, para a provisión, como persoal laboral fixo no Concello de Baralla, de unha (1) praza de Axente de Emprego Local, polo sistema de concurso, publicadas no BOP de Lugo número 293 de 24 de decembro de 2022.

Vista a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, da categoría anteriormente citada, aprobada por Decreto da Alcaldía número 39 de 17 de marzo de 2023, publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica do Concello o día 17 de marzo de 2023.

Á vista da non existencia de alegacións á listaxe provisional de admitidos e excluídos, esta considerouse definitiva sen necesidade de nova publicación, unha vez transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria (17 de marzo de 2023).

RESOLVO

Primeiro.- Designar como membros do Tribunal cualificador a:

- Presidenta: D^a. María José Espín Fontal, empregada pública do Concello de Triacastela.
Suplente: D. José Luís López Moure, empregado público do Concello de Samos.
- Secretaria: D^a. Marta Lodeiro Vilar, empregada pública do Concello de Riotorto.
Suplente: D^a. Ana Fernández Reija, empregada pública do Concello de O Corgo.
- 1^a Vogal: D^a. Mónica Engroba Pulido, empregada pública do Concello de Baralla.
Suplente: D^a. María Germana López González, empregada pública do Concello de Baleira.
- 2^a Vogal: D^a. Marta Jacob Trashorras, empregada pública do Concello de O Corgo.
Suplente: D. Eloy López Fernández, empregado público do Concello de Samos.
- 3^a Vogal: D^a. Ana Belén Alba González, empregada pública do Concello de As Nogais.
Suplente: D. Ángel Álvarez Pereira, empregado público do Concello de Baleira.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

Segundo.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 5 de abril de 2024, ás 09:00 horas, na Casa do Concello, sita na Rúa Evaristo Correa Calderón 48, Baralla (Lugo).

Terceiro.- Citar as persoas aspirantes admitidas e non exentas da proba de galego, para a realización da mesma, o día 5 de abril de 2024, ás 10:00 horas, na Casa do Concello, sita na Rúa Evaristo Correa Calderón 48, Baralla (Lugo). As persoas aspirantes acudirán provistas do seu DNI.

Cuarto.- A baremación dos méritos dos aspirantes propostos será o día 5 de abril de 2024, ás 13:00 horas no Concello de Baralla.

Quinto.- Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica do Concello.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Miguel González Piñeiro.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

